

A LÚA VAI ENCUBERTA

Pode o teatro desarmar o mundo?

Iván Fernández

Como chegamos ata aquí? Esta é a primeira frase que escoitamos no espectáculo *A lúa vai encuberta* que as compañías Incendiaria e A Quinta do Cuadrante estrearon o pasado 10 de setembro en Ourense, facendo posíbel que o texto orixinal de Manuel María chegase ao seu destino previsto, 44 anos despois.

Mais, “Como chegamos ata aquí?” é unha pregunta inmensa que chama á nosa memoria. Unha pregunta que nos interpela como individuos e como sociedade. Como é que Galicia chegou ata aquí, ata este preciso momento no que nos vemos inmersxs nunha vertixe mundial político-sanitaria? Como é que Galicia foi quen de sobrevivir aos avatares históricos, sociais e políticos que pretenderon desfazer (ou se cada refacer) a nosa identidade? Como é que fomos quen de chegar ata aquí? Como é que eu, ti, nós chegamos ata aquí? Cales foron os pasos que construíron a miña, a túa, a nosa biografía, que fixeron posible a miña, a túa, a nosa chegada ata unha butaca no Teatro Principal de Ourense e que eu, ti, nós fose(mos) que de atender unha estrea teatral?

Como foi que chegamos ata aquí? A pregunta que se repite durante o espectáculo é o xermolo de toda reflexión personal e social que converte *A lúa vai encuberta* nunha proposta de teatro político de alto nivel. Facéndonos esta pregunta, somos quen de mirar cara a atrás e valorar o noso pasado, os pasos que demos en conxunto para construír o noso presente. O problema é a resposta, xa que pode ser que non nos guste. Se ollamos cara ao pasado, veremos unha chea de feitos terríbeis que nos encamiñaron cara ao agora, mais seremos quen tamén de cuestionarnos algunhas “verdades inamovíbeis” que supostamente conforman parte da “identidade galega”.

Por exemplo, a saudade. Que é a saudade e por que a asumimos como unha característica intrínseca galega? Podemos desligada de toda unha historia marcada polo asoballamento e a obriga da emigración? Existe algún pobo migratorio que non teña saudade, que non sinta morriña do que deixou atrás? Se a consideramos dende este punto de vista, que queremos nós facer coa saudade? A aceptamos con resignación ou

seremos quen de dicir “Non”? Nun momento de forte tensión escénica, o actor Davide González lanza esta pregunta ao público, invitándonos a dicir “Non”, a sentir a forza da palabra saíndo da boca. O público responde probando, convertendo o que comeza como un xogo nun auténtico berro de reivindicación grupal e persoal. Xs galegxs somos máis ca un clixé.

Entón, como chegamos ata aquí? *A lúa vai encuberta* é un texto orixinal do poeta chairense Manuel María. Escribiuno para ser representada pola, daquela, moi activa Agrupación Cultural Auriense, no ano 1977. Mais a agrupación disolveuse naqueles primeiros tempos de recuperación democrática e a peza non chegou aos escenarios ata moito despois, cando as compañías Incendiaria e A Quinta do Cuadrante a propuxeron para o II Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, do que resultou gañadora. O proxecto requiriu dun intenso labor de investigación, non só na parte histórica e documental, senón tamén na persoal. Así nace unha serie de preguntas que conforman o eixo que vertebra a proposta.

A peza é unha continua revisión da nosa historia recente, lanzando preguntas aos espazos escuros, os menos contados e comentados, os ocultados. O primeiro é cuestionarse sobre as nosas crenzas. Como chegamos ata aquí? É certo o que nos contaron? Unha parte da historia está escrita, mais hai outra que non. E a identidade galega construíuse, coma todas, tanto do que nos deron como do que nos quitaron. Entón, se cadra, a pregunta xa non sexa tanto “Como chegamos ata aquí?” senón “Como foi que non chegamos a outro lugar?”. Como é que Galicia perde a mancheas os seus recursos? Como é que estamos a esquecer a nosa lingua? Como é que levamos 35 anos de goberno cruelmente conservador, sen ter unha saudábel alternancia política? Como é que só un dos 350 deputados no Parlamento español fala en galego?

As respostas son, sen dúbida, incómodas. E *A lúa vai encuberta* é, fundamentalmente, unha peza de teatro incómoda que incomoda a quen non quere afondar nesas pescudas, a quen non quere rabuñar na memoria e preguntar pola verdade. Porque as respostas están aí, só hai que preguntar. As compañías Incendiaria e A Quinta do Cuadrante expoñen esas respostas de xeito cru, mais non exento de humor e con moita, moita retranca.

Así é que atendemos ao alzamento franquista e a toda unha maquinaria publicitaria, que adoutrina ao pobo co que agora é “pertinente”. A modo de espectáculo de variedades, o dúo cómico-musical formado por uns deliciosos Melania Cruz e Davide González (ao xeito de ¡Ay, Carmela!, de José Sanchís Sinisterra), adoctrinan ao respectable na “verdade oficial” e que aos poucos acabará por ser asumida por histórica. A ritmo de copla, pero dende o bando gañador: co uniforme falanxista e bandeira de España por vestido.

Dende ese 1936 de pandeireta imos avanzando cara ao presente, revisando esas “verdades incuestionábeis” que asumen contos como o intelectualismo “salvador” da identidade galega, a lenda dos maquis, a memoria da emigración, a Transición “modélica” ou a Galicia politicamente conservadora, confrontándoos con feitos como o asasinato de Mocho Reborias, o movemento Nunca Máis ou un Castelao convertido en incona pop.

Mais este continuo preguntar tamén está desgarrado de silencios. Hai intres nos que a peza para, para interpelar ao público non dende a cuestión, senón dende o silencio. Exponse entón o silencio como ferramenta de construción política, de elección consciente, de esquecemento.

Pero, como chegamos ata aquí? Sendo unha peza orixinal de Manuel María, autor de *Versos para un país de minifundios* (1969), *Poemas para construír unha patria* (1977) ou *Abril de fume e ferro* (1989), *A lúa vai encuberta* ten que ser politicamente comprometida, poñendo a Galicia no celme da cuestión, como un valor real e non coma un soño. É por iso que é unha proposta moi necesaria nun presente onde non abunda o teatro comprometido, xa que rebate o argumento falaz baseado na terxiversación da verdade, na desinformación, no “conta moitas veces unha mentira ata que se converta en verdade”. E como o político é persoal, o elenco sae a escena espido de personaxes, poñéndoos enriba coma un traxe, para facer evidente o xogo teatral, tamén como mostra da manipulación consciente.

A integración entre as compañías Incendiaria e A Quinta do Cuadrante é explícita, mantendo con todo intres característicos dos seus respectivos estilos. Retomamos para a escena a Tito Asorey (encargado da dirección) e a Vanesa Sotelo (que tamén é a responsable da dramaturxia da peza), en conxunto con Davide González (compositor da

música orixinal) e a Melania Cruz. O elenco empasta e vaise cedendo mutuamente o escenario, favorecendo así un aire familiar, de confianza, no que x espectador/x pódese relaxar e así, entrar mellor no xogo. Non hai protagonismos incómodos, Senón un continuo ir da man. Iso facilita que os intres de erro (que os houbo, como en toda estrea) sexan recollidos polo público como complicidade, como parte dunha maquinaria que se está a engraxar.

A escenografía, sinxela e efectiva, de Carlos Alonso, e a iluminación de Laura Iturralde compoñen unha unidade en si mesma que nos leva aos espazos da memoria, unha atmosfera fóra do tempo e polo tanto capaz de falar de tódolos tempos, que por momentos lembra aos *Contos da néboa* de Anxel Fole. Acaso un quixera unha maior presenza da lúa. Malia aparecer na escena tanto no comezo como no final da peza, non marca tanto ese camiño do que falaba o mesmo Manuel María, senón que fica como elemento anecdótico. Se cadra por que vai encuberta e o preciso é descubri-la, como a memoria.

Entón, como foi que chegamos ata aquí? Chegamos da man do teatro, do teatro galego feito pensando en Galicia, do teatro farto de aturar discursos baleiros e que contesta a preguntas incómodas, do teatro como luz que alumea os nosos puntos escuros, do teatro espello dunha sociedade que precisa mirarse a si mesma acaso máis ca nunca antes. Un teatro que reflexiona sobre si mesmo ollando cara ao pasado sen perder de vista o presente que habita. Un teatro que, finalmente, se fai esta pregunta: “Pode o teatro salvar o mundo?” #

A lúa vai encuberta, A Quinta do Cuadrante + Incendiaria

Dirección: Tito Asorey

Dramaturxia: Vanesa Sotelo

Elenco: Davide González, Melania Cruz, Vanesa Sotelo, Tito Asorey

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso

Iluminación e proxeccións: Laura Iturralde

Espazo sonoro e música: Davide González

Confección de vestuario: Mila Abal

Cartelería, vídeo e gráfica: Lucía R. Regueiro

Asistencia escenografía: Dani Rodríguez

Asistencia iluminación: Denise Freire

Axudantía de dirección e produción: Sara Rey

Técnico en xira: Xacobo Castro

Teatro Principal de Ourense: 10 de Setembro de 2021.